

X TRIÁTLON CONCELLO DE VILAGARCÍA

CAMPIONATO GALEGO DE TRIÁTLON CONTRA O RELOXO 2019

REGULAMENTO

Organiza:

Triatlón Vilagarcía/Atenas Running
Fundación de Deportes de Vilagarcía
Federación Galega de Triatlón
Lodeco S.L.U.
Email: lodeco@lodeco.es
Persona de contacto: Miguel Fernández
Teléfono: 600 433 203

Patrocina:

Concello de Vilagarcía

Colaboran:

Policía Local
Protección Civil
Secretaría Xeral para o Deporte

Data e horario da carreira:

Domingo 12 de maio de 2019
Saída primeiro equipo escolar ás 10:00
Saída primeiro equipo open ás 11:10
Última saída absoluta ás 13:10
Unha vez pechada a inscrición se publicarán as horas de saída de cada equipo

Distancia:

Escolar: 300m de natación–10km en bicicleta–2km de carreira a pé
Open e Campionato Galego: 750m de natación–20km en bicicleta–5km de carreira a pé

Inscricións:

**PROBA RESERVADA A EQUIPOS CON LICENZA
GALEGA**

CAMPIONATO EN IDADE ESCOLAR(infantil e cadete)

Gratuíta - Limitado a un equipo masculino e un equipo feminino por club.

Peche de inscrición: Martes 7 de maio

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado [Regulamentos/Inscricións](#). Picar sobre a carreira e ir ao enlace de [Inscrición de equipos](#)

Os equipos estarán compostos de un mínimo de 4 e un máximo de 6 integrantes e dous reservas.

Inscricións e cambios nos compoñentes dos equipos: Ata o martes día 7 de maio

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado [Regulamentos/Inscricións](#). Picar sobre a carreira e ir ao enlace de [Inscrición Compoñentes de equipos](#)

Os equipos poden inscribir ata 8 deportistas. Durante este prazo poden darse altas e baixas directamente no programa de inscricións.

Cada deportista só poderá inscribirse nun único equipo.

Cambios nos compoñentes dos equipos: dende o día 7 ao peche da inscrición ata xoves día 9 de maio ás 16h

Para efectuar cambios nos compoñentes dos equipos, unha vez pechada a inscrición enviarase un mail a fegatri@hotmail.com

Os cambios poderán ser de titulares dos equipos por reservas ou entre equipos para aqueles clubs que teñan varios equipos inscritos. **Estes cambios faranse só entre deportistas xa inscritos en prazo. Non se poderán engadir novas inscricións.**

Os equipos quedarán conformados dun máximo de 6 deportistas

Unha vez rematado o prazo non poderá efectuarse baixo ningún concepto cambios nos compoñentes dos equipos.

* * Habrá cronometraxe champion-chip, cada participante terá que aboar unha fianza de 25 €, **o día da proba, ó recoller o dorsal**, dos cales lles serán devoltos 23€ o finalizar a carreira, (2€ aluguer do chip, agás menores) ou ben poderá quedarse co chip en propiedade, o que lle permitirá participar co mesmo en calquera proba de tríatlon ou atletismo organizadas co sistema de cronometraxe champion-chip. Calquera participante que teña xa en propiedade o chip de color AMARELO (non valen chips de calquera outro color) poderá correr con el, non sendo necesario o pago de fianza algunha.

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO

Prezo: 60€ Equipo Limitado a un equipo masculino e un equipo feminino por club.

Peche de inscrición: Martes 7 de maio

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado [Regulamentos/Inscricións](#). Pinchar sobre a carreira e ir ao enlace de **Inscrición de equipos**

Os equipos deben ter un mínimo de 4 e un máximo de 6 integrantes e poden ter 2 reservas.

Inscricións e cambios nos compoñentes dos equipos: Ata o martes día 7 de maio

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado [Regulamentos/Inscricións](#). Picar sobre a carreira e ir ao enlace de **Inscrición Compoñentes de equipos**

Os equipos poden inscribir ata 8 deportistas. Durante este prazo poden darse altas e baixas directamente no programa de inscricións.

Cada deportista só poderá inscribirse nun único equipo.

Cambios nos compoñentes dos equipos: dende o peche da inscrición o martes día 7 ao xoves día 9 de maio ás 16h

Para efectuar cambios nos compoñentes dos equipos, unha vez pechada a inscrición enviarase un mail a fegatri@hotmail.com

Os cambios poderán ser de titulares dos equipos por reservas ou entre equipos para aqueles clubs que teñan varios equipos inscritos. **Estes cambios faranse só entre deportistas xa inscritos en prazo.** Non se poderán engadir novas inscricións.

Unha vez rematado o prazo non poderá efectuarse baixo ningún concepto cambios nos compoñentes dos equipos.

Os equipos quedarán conformados dun máximo de 6 deportistas

* * Habrá cronometraxe champion-chip, cada participante terá que aboar unha fianza de 25 €, **o día da proba, ó recoller o dorsal**, dos cales lles serán devoltos 23€ o finalizar a carreira, (2€ aluguer do chip, agás menores) ou ben poderá quedarse co chip en propiedade, o que lle permitirá participar co mesmo en calquera proba de tríatlon ou atletismo organizadas co sistema de cronometraxe champion-chip. Calquera participante que teña xa en propiedade o chip de color AMARELO (non valen chips de calquera outro color) poderá correr con el, non sendo necesario o pago de fianza algunha.

PROBA OPEN

Prezo: 60€ Equipo

A proba será para os equipos que teñan representación no Cpto Galego de Equipos Absoluto

O primeiro prazo estará limitado a 40 equipos en total por rigurosa orde de inscrición independentemente da categoría (masculina ou feminina).

Poderanse inscribir tantos equipos por club coma se desexe (nomeados como B, C, D,...) tanto en categoría masculina como feminina ata cubrir as prazas.

LISTA DE ESPERA

Unha vez cubertas as prazas abrirase a lista de espera por orde de inscrición.

O **mércores 8 de maio** comunicarase por correo electrónico aos clubs da lista que entren na proba no caso de que entre os equipos escolares, absoluto e open non cheguen a 100 en total cubrindo as prazas dispoñibles por orde ata chegar ao total de 100 equipos.

Terán para formalizar a inscrición ata ese mesmo día, mércores 8, ás 23:59h .

Peche de inscrición: Martes 7 de maio

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado [Regulamentos/Inscricións](#). Picar sobre a carreira e ir ao enlace de **Inscrición de equipos**

Os equipos deben ter un mínimo de 4 e un máximo de 6 integrantes e poden ter 2 reservas.

Inscricións e cambios nos compoñentes dos equipos: Ata o martes día 7 de maio

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado [Regulamentos/Inscricións](#). Picar sobre a carreira e ir ao enlace de **Inscrición Compoñentes de equipos**

Os equipos poden inscribir ata 8 deportistas. Durante este prazo poden darse altas e baixas directamente no programa de inscricións.

Cada deportista só poderá inscribirse nun único equipo.

Cambios nos compoñentes dos equipos: dende o peche da inscrición o martes día 7 ao xoves día 9 de maio ás 16h

Para efectuar cambios nos compoñentes dos equipos, unha vez pechada a inscrición enviarase un mail a fegatri@hotmail.com

Os cambios poderán ser de titulares dos equipos por reservas ou entre equipos para aqueles clubs que teñan varios equipos inscritos. **Estes cambios faranse só entre deportistas xa inscritos en prazo.** Non se poderán engadir novas inscricións.

Unha vez rematado o prazo non poderá efectuarse baixo ningún concepto cambios nos compoñentes dos equipos.

Os equipos quedarán conformados dun máximo de 6 deportistas

* * Habará cronometraxe champion-chip, cada participante terá que aboar unha fianza de 25 €, **o día da proba, ó recoller o dorsal**, dos cales lles serán devoltos 23€ o finalizar a carreira, (2€ aluguer do chip, agás menores) ou ben poderá quedarse co chip en propiedade, o que lle permitirá participar co mesmo en calquera proba de triatlón ou atletismo organizadas co sistema de cronometraxe champion-chip. Calquera participante que teña xa en propiedade o chip de color AMARELO (non valen chips de calquera outro color) poderá correr con el, non sendo necesario o pago de fianza algunha.

Baixas e política de Devolución

-As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Triatlón a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

-As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

-No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións.

PUBLICACIÓN LISTAS DE INSCRITOS:

Publicación lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

Saída, transición e meta:

No peirao de pasaxeiros do Porto de Vilagarcía

Recollida de dorsais:

Na carpa da organización de 08:45 h. a 12:10 h.

Control de material: OBRIGATORIO PRESENTAR LICENZA OU DNI

De 09:00 a 12:30.

Será obrigatorio que todos os membros do equipo se presentes xuntos ao control (recoméndase pasar o control de material 45´ antes da saída do equipo).

A retirada de material será controlada polos oficiais e poderase deter en calquera momento se as condicións así o esixen

Reunión técnica:

09:30 Escolar

10:40 Open e Absoluto

Premios:

- Trofeos para os tres primeiros equipos masculinos e femininos escolares, open e absolutos..

"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono"

- Premios económicos proba Campionato Galego :
 - Primeiro equipo clasificado masculino e feminino 300€
 - Segundo equipo clasificado masculino e feminino200€
 - Terceiro equipo clasificado masculino e feminino100€

Todos os que rematen a proba recibirán un agasallo conmemorativo da proba

Normas xerais de competición

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición das Federacións Galega e Española de Tríatlon.

Normativa específica de competición por equipos

Xeral:

- Todos os integrantes do equipo deben levar o mesmo uniforme
- Os integrantes dun equipo poderán axudarse entre si, pero sen axuda de elementos externos á competición
- Cando un integrante dun equipo se descolgue máis de 30'' no ciclismo ou carreira a pé deberá abandonar a competición.
- O tempo do equipo marcarao a entrada en meta do 4º integrante.

Saída:

- Nas probas de Campionato Galego os equipos sairán en orde inversa á súa clasificación no Campionato Galego Contra o reloxo 2018 e Campionato Contra o reloxo en idade escolar Escolar 2018, sendo o actual Campión o último en saír tanto en categoría masculina como feminina.
- Na proba Open seguirase o mesmo sistema cos equipos "B", logo cos equipos "C" e así sucesivamente.
- Para os equipos que non tivesen clasificación na tempada anterior seguirase un sistema de sorteo alfabético.
- Os equipos deben estar en cámara de chamadas 5' antes da súa hora de saída e tomar a saída todos os integrantes de maneira conxunta na hora indicada que será publicada na páxina da federación.
- No caso de non tomar a saída na hora indicada, sairán cando o oficial de saída lles permita, nunca a menos de 30'' de diferenza co anterior equipo e contando coma hora de saída a prevista inicialmente.

Transición:

- Os equipos non poderán abandonar a transición ata saír un mínimo de 4 integrantes, haberá unha área de espera situada ao final da transición onde deberán esperarse ata ter o mínimo de 4. Unha vez saian os 4 integrantes o 5º e 6º terán 30'' para abandonar a transición, non permitíndoselles continuar na competición unha vez transcorrido ese tempo.

Ciclismo:

- A competición de equipos considerase “NO drafting”, non está permitido ir a roda entre equipos, polo que o equipamento permitido será o de competicións nas que non está permitido ir a roda.
- Está permitido ir a roda entre os integrantes do mesmo equipo.
- A circulación será obrigatoria pola dereita e os adelantamentos efectuaranse pola esquerda respectando un espazo lateral entre equipos de 2m.
- Cando un equipo alcance a outro terá 20 segundos para adelantalo, se non deberá descolgarse novamente ata respectar unha distancia de 25m entre equipos.
- Cando un equipo sexa adelantado terá 5 segundos para descolgarse ata a distancia de 25m